

ANÁLISE DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN INICIAL E FINAL.



Neste documento se comparan as enquisas que se pasaron antes da posta en práctica do proxecto e logo de o aplicar.

BLOQUE A (parte persoal)

1.- ¿Sabes o que é unha discapacidade? SI

 SI NON

1. b.- Poderíasme dicir o que é a grandes rasgos.

2. ¿Qué discapacidades coñeces?

3.- ¿Sabes si hai algún neno/a no colexio con algunha discapacidade no colexio?

 SI NON

Poderíasme dicir en que consiste.

4.- ¿Qué tal relaciónanse cos outros compañeiros/as eses nenos/as no colexio?

(Suliña)

a.) *MOI BEN*

b.) *BEN*

c.) *IGUAL QUE O RESTO*

d.) *POUCO*

e.) *MOI POUCO*

5.- ¿Ti relaciónastes con eles/as no colexio? SI

 SI NON

5 a.) Só si contestaches “Si”

¿En qué momentos?

5b.) Só si contestaches “NON”

¿Poderíasme dicir por qué?

6.) ¿Qué grao de dificultade crees que supónlle seguir o ritmo normal da clase?

(Suliña)

a.) *MOITÍSIMO*

b.) *MOITO*

c.) *UN POUCO*

d.) *IGUAL QUE AO RESTO*

e.) *CREO QUE NON SON CAPACES*



7.) Aprobar todas as asignaturas tendo algunha discapacidade é:

(Suliña)

- a.) MÁIS FÁCIL
- b.) FÁCIL
- c.) IGUAL QUE AO RESTO
- d.) DIFÍCIL
- e.) MOI DIFÍCIL

Razoa a tua resposta.

8.) ¿Qué asignatura crees que cústalle máis?

MATEMÁTICAS



AS LINGUAS



ED. MUSICAL



ED. FÍSICA



PLÁSTICA



COÑECEMENTO DO MEDIO



¿Por qué?

9.) No relacionado á asignatura de Educación Física:

9 a) -Valora cómo crees que participan nas actividades e xogos:

(Suliña)

- a.) MOI BEN
- b.) BEN
- c.) IGUAL QUE O RESTO
- d.) MAL
- e.) MOI MAL

9 b) -Valora cómo interaccionan co resto de compañeiros nas actividades e xogos:

(Suliña)

- a.) MOI BEN
- b.) BEN
- c.) IGUAL QUE O RESTO
- d.) MAL
- e.) MOI MAL



10.) ¿Qué cousas crees que poderías facer ti para mellorar esa interacción e, a súa vez, integración dentro do grupo?

* Agora imos falar do recreo, que é o voso “tempo libre” dentro do colexio.

11.) ¿Xogades con eles/as no recreo?

SI



NON



11a.) Só si contestaches “Si”

Valora o xeito de xogar convosco (Suliña a túa opción).

(Se participan ou non nos xogos, se teñen bo ou mal perder, se respetan ou non as regras e aos demais compañeiros/as...)

a.) MOI BEN

b.) BEN

c.) IGUAL QUE O RESTO

d.) MAL

e.) MOI MAL

11 b.) Só si contestaches “NON”

¿Poderíasme dicir o motivo?



BLOQUE B (Os mestres/as)

*** A continuación imos a valorar as actuacións dos mestres/as con estes nenos/as dentro do colexio**

12.) Valora si os mestres/as fan todo o posible para axudar a estes nenos/as no colexio.

(Suliña)

a.) OS/AS AXUDAN MOITÍSIMO

b.) OS/AS AXUDAN MOITO

c.) OS/AS AXUDAN IGUAL QUE AO RESTO

d.) OS/AS AXUDAN POUCO

e.) OS/AS AXUDAN MOI POUCO OU NADA

Só si contestaches d.) ou e.). *¿Qué cousas crees que deberían mellorar e/ou facer?*

BLOQUE C (O Colexio)

13).- Valora cómo crees que o colexio está preparado e acondicionado para que estes nenos/as se poidandesprazar por todas as súas instalacións.

a.) MOI BEN

b.) BEN

c.) REGULAR

d.) MAL

e.) MOI MAL

Só si contestaches c.), d.) ou e.)

¿Qué cambios farías no colexio para que estivse correctamente acondicionado para estes nenos/as?



Deseño e estrutura da enquisa

Unidades de análise: alumnado do 3º ciclo do Ceip Portofaro (Cambre- A Coruña).

Tamaño da mostra: 92 alumnos/as.

Método da enquisa: Cuestionario autoadministrado.

Ámbito temporal: Avaliación inicial desenvolvida antes de implementar as actividades ,prácticas e teóricas, de reforzo educativo, concienciación, información e sensibilización. Despois, unha avaliación final levada a cabo ao finalizar ditas actividades, 8 meses despois.

Xustificación da enquisa:

Os motivos da realización das enquisas foron moitos:

- Como elemento avaliador inicial, para saber o nivel de coñecementos do alumnado en relación con esta temática e ,tamén, como elemento avaliador final para coñecer o grado de adquisición dos contidos traballados.
- Cómo feito de recoñecer do centro e comunidade educativa en relación a esta temática: cómo aplícanse os Reforzos Educativos, se as instalacións están ben acondicionadas para as necesidades...
- Utilizar as enquisas como un elemento avaliador máis da proposta en si. Con estas enquisas coñeceríamos, a través dos valores numéricos, relacionando os resultados iniciais e finais, a influencia no alumnado e o rendemento ou resultado da nosa proposta.
- Tamén serviunos para coñecer o nivel de intergración dos nenosa/as con NEAEs antes e despois de realizar a proposta.



PREGUNTA 1. SABES O QUE É UNHA DISCAPACIDADE?

AO REDOR DO 90% DOS ALUMNOS/AS DICEN SABER QUE “SÍ” SABEN O QUE É UNHA DISCAPACIDADE INDEPENDIENTEMENTE DO CURSO E A CLASE Á QUE PERTEZCAN. ESTES DATOS COINCIDEN, A GRANDES RASGOS, NA AVALIACIÓN INICIAL E FINAL; NA FINAL HAI ALGÚNS CASOS PERDIDOS QUE FAN VARIAR DITOS RESULTADOS. DESTE RESULTADOS PODERÍASE SACAR OUTRA CONCLUSIÓN; UNHA VEZ PASADO TODO O PROCESO DÉRONSE CONTA DE QUE, EN REALIDADE, NON SABÍAN BEN O QUE É UNHA DISCAPACIDADE. TODO ISTO FAINOS REFLEXIONAR SOBRE A INFOMACIÓN QUE LLE CHEGA AOS NENOS/AS SOBRE ESTA TEMÁTICA E TAMÉN DO TRABALLO QUE TODAVÍA TEMOS QUE FACER.




Gráfico 1. Sabes o que é unha discapacidade? (Todos os grupos) Fonte: Elaboración propia



PREGUNTA 1. B . PODERÍASME DICIR O QUE É A GRANDES RASGOS?

A PESAR DE QUE A MAIORÍA DOS ALUMNOS/AS AFIRMAN SABER O QUE É UNHA DISCAPACIDADE, CASI UN 60% NON PODERÍA DEFINIR O TÉRMINO E UN 20% O EXPLICARÍA MÁIS O MENOS. TAN SÓ UN 20% DOS ALUMNOS/AS PODERÍAN DEFINIR O QUE É UNHA DISCAPACIDAD. DE NOVO, OS DATOS RECONPILADOS DURANTE A AVALIACIÓN INICIAL SON SIMILARES AOS DA AVALIACIÓN FINAL E AS DIFERENZAS OBSERVADAS SON DEBIDAS AOS VALORES PERDIDOS (NS/NC).




Gráfico 2. Poderíasme dicir o que é a grandes rasgos? (Todos os grupos) *Fonte: Elaboración propia*

SENÓN A DE AUMENTAR O NÚMERO DE ALUMNO/AS QUE SABERÍAN DESCRIBIR, A GRANDES RASGOS, O QUE É UNHA DISCAPACIDADE. DURANTE A AVALIACIÓN INICIAL OS DATOS MOSTRAN QUE TAN SÓ O 17% PODÍA DEFINILA E DESPOIS DE VOLTAR A PASAR AS ENQUISAS FINAIS AVALIATORIAS DECUBRIMOS QUE UN 52% DOS ALUMNOS/AS DESTA CLASE SABÍA FACELO.

DESTES RESULTADOS PODEMOS TOMAR CÓMO CONSIDERACIÓN, E COMO ELEMENTO DECISORIO, O FEITO DA PRESENZA DE MÁIS DUN NENO DISCAPACITADO DENTRO DO GRUPO. ESTES NENOS CHEGAMOS A CONCLUSIÓN DE QUE PUIDERON FACER DE ELEMENTOS CANALIZADORES, PARA O RESTO DE COMPAÑEIRO, NO FEITO DE COMPRENDER, ENTENDER E COÑECER MELLOR O SIGNIFICADO, E TODO O QUE ENGLOBA, SER DISCAPACITADO E QUE ASÍ, SOUBERAN, EXPLICALO MELLOR CAS SÚAS PALABRAS.




Gráfico 3. Poderíasme dicir o que é a grandes rasgos? (Só o grupo de 6ºB) *Fonte: Elaboración propia*



PREGUNTA 3. SABES SI HAI ALGÚN NENO/A CON ALGUNHA DISCAPACIDADE NO COLEXIO?
CASE TODOS OS ALUMNOS/AS PODEN IDENTIFICAR SI HAI ALGÚN COMPAÑEIRO/A DISCAPACITADO/A NO COLEXIO.




Gráfico 4. Sabes si hai algún neno/a con algunha discapacidade no colexio? (Todos os grupos) *Fonte: Elaboración propia*



FRECUENCIA QUE TAL SE RELACIONAN COS OUTROS COMPAÑEIRO/AS ESES NENOS/AS NO COLEXIO?

O 47% DOS ALUMNOS/AS PENSAN QUE OS COMPAÑEIRO/AS DISCAPACITADOS RELACIONANSE “BEN” E “MOI BEN” O 20%. ESTAS CIFRAS MANTÉÑENSE DURANTE A AVALIACIÓN FINAL. ESTAS CIFRAS CASI NON VARÍAN DUNHA AVALIACIÓN A OUTRA. DISTO SABEMOS QUE, DESPOIS DE INTERACTUAR MÁIS AINDA CON ELES/AS, PRACTICAR OS DEPORTES MÁIS ESPECÍFICOS DELES/AS, CON DEPORTISTAS FEDERADOS, E INTRODUCIRSE MÁIS NO SEU MUNDO A PERCEPCIÓN SOBRE ELES/AS NON FOI MÁIS NEGATIVA SENÓN QUE SEGUÍU IGUAL.




Gráfico 5. Qué tal relaciónanse cos outros compañeiros/as eses nenos/as no colexio? (Todos os grupos) *Fonte: Elaboración propia*

PREGUNTA 6. QUÉ GRAO DE DIFICULTADE CREES QUE LLE SUPÓN SEGUIR O RITMO NORMAL DA CLASE?

O 40% DOS ALUMNOS/AS AFIRMAN QUE OS ALUMNOS/AS CON DISCAPACIDADE CUSTALLES “UN PUOCO” SEGUIR O RITMO NORMAL DA CLASE (VALOR QUE MANTENSE NA AVALIACIÓN FINAL); O 29% PENSA QUE CUSTALLES “MOITO”, VALOR QUE AUMENTA NA AVALIACIÓN FINAL (32%) E O 18% CRE QUE CUSTALLES “MOITÍSIMO” (ESTE PORCENTAXE MANTENSE NA AVALIACIÓN FINAL).




Gráfico 6. Qué grao de dificultade crees que lle supón seguir o ritmo normal da clase? (Todos os grupos) *Fonte: Elaboración propia*

MESMA PREGUNTA (GRUPO 6ºB)

ANALIZÁNDOSE OS VALORES DESAGREGADOS POR CLASE OBSÉRVASE QUE NOS NENOS/AS DE 6ºB AUMENTAN A SENSACIÓN DE QUE OS NENOS/AS DISCAPACITADOS CÚSTALLES *MOITÍSIMO* SEGUIR O RITMO DA CLASE. ESTE VALOR É MOI SIGNIFICATIVO XA QUE, COMO XA COMENTAMOS, HAI MÁIS NENOS/AS CON DISCAPACIDADES NA SÚA CLASE MENTRES QUE NAS OUTRAS NON HAI OU HAI UN/HA. ISTO O QUE VEN A REFLECTIR É QUE A NOSA PROPOSTA INCREMENTOU NO ALUMNADO A EMPATÍA E O COÑECEMENTO SOBRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADES E AS SÚAS DIFICULTADES EN TODOS OS ASPECTOS DA VIDA.




Gráfico 7. Qué grao de dificultade crees que lle supón seguir o ritmo normal da clase? (Só o grupo de 6ºB) *Fonte: Elaboración propia*



PREGUNTA 8. QUÉ ASIGNATURA CRES QUE LLE CUSTA MÁIS?

O 40% DOS ALUMNOS/AS AFIRMA QUE A ASIGNATURA QUE MÁIS LLES CUSTA AOS NENOS DISCAPACITADOS É A *EDUCACIÓN FÍSICA*. CON VALORES MÁIS LONXANOS, PERO SIMILARES ENTRE ELES, CITAN *MATEMÁTICAS*, *COÑECEMENTO* E AS *LINGUAS*. O TIPO DE RESPOSTA NESTA PREGUNTA ERA MÚLTIPLE PERO EXISTE UNHA PREFERENCIA POLA ELECCIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA COMO A DE MAIOR DIFICULTADE PARA ESTES NENOS/AS. ESTA RESPOSTA, POR SÍ MESMA, PODERÍA XUSTIFICAR A ADECUACIÓN DA APLICACIÓN DA NOSA PROPOSTA NA NOSA ÁREA EN CONCRETO, PERO ADEMÁIS ÚNESE A NECESIDADE DE DOTAR DE MAIOR NÚMERO DE RECURSOS E FERRAMENTAS EDUCATIVAS AOS MESTRES ESPECIALISTAS NESTA ÁREA , MOITAS VECES ESQUECIDA NESTES ASPECTOS.




Gráfico 7. Qué asignatura cres que custalle máis? (Todos os grupos) Fonte: Elaboración propia



DITA PERCEPCIÓN AUMENTA LEVEMENTE NA AVALIACIÓN FINAL. O 26% CRE QUE "MAL", VALOR QUE SE REDUCE NA AVALIACIÓN FINAL. ESTAS RESPOSTAS CHAMAN A ATENCIÓN XA QUE ANTERIORMENTE ESTABLECÍAN QUE A EDUCACIÓN FÍSICA ERA A ASIGNATURA QUE MÁIS LLES CUSTABA.

ESTES DATOS REFLECTEN UNHA MOI BOA VALORACIÓN SOBRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADES NOS QUE A PARTICIPACIÓN ACTIVA, NAS ACTIVIDADES DENTRO DA NOSA ÁREA, E A SÚA INTENCIÓN POSITIVA E PARTICIPATIVA É BEN VALORADA POLO RESTO DE COMPAÑEIROS/AS. A VIVENCIACIÓN, NA SÚA PROPIA PEL, FIXO QUE OS NENOS/AS SEN DISCAPACIDADE AUMENTASEN A SÚA VALORACIÓN POSITIVAMENTE EN RELACIÓN COS OUTROS NENOS/AS E FIXO QUE VALORASEN CÓMO SUPERAN AS SÚAS DIFICULTADES E LIMITACIÓNS.




Gráfico 8. Valora cómo crees que participan nas actividade e xogos en educación física (Todos os grupos) Fonte: *Elaboración propia*

PREGUNTA 9 B) -VALORA CÓMO INTERACTÚAN CO RESTO DE COMPAÑEIROS/AS NAS ACTIVIDADES E TAREFAS DOS XOGOS EN EDUCACIÓN FÍSICA

EL 42% OPINA QUE "BEN" E O 26% "IGUAL QUE O RESTO"; ESTES VALORES MANTÉÑENSE NA AVALIACIÓN FINAL.

ESTA PREGUNTA MÓSTRANOS COMO MOITOS DOS SEUS PROPIOS COMPAÑEIROS/AS PENSAN ,NA AVALIACIÓN INICIAL, QUE INTERACTÚAN "BEN" OU "IGUAL QUE O RESTO" E DESPOIS DA AVALIACIÓN FINAL APARECE REFLECTIDO CÓMO SUBE SIGNIFICATIVAMENTE O "MOI BEN". O QUE PODE DESPRENDERSE DISTO É, COMO NA PREGUNTA ANTERIOR, QUE O FEITO DE QUE VIVENCIASEN, POR SÍ MISMOS/AS, AS LIMITACIÓNS DE CERTAS DISCAPACIDADES FAILLES CAMBIAR A SÚA PERCEPCIÓN E VALORACIÓN, POSITIVAMENTE, HACIA ESTE NENOS/AS.




Gráfico 9. Valora cómo interactúan co resto de compañeiros/as nas actividades e xogos en educación física (Todos os grupos) Fonte: Elaboración propia

SE NO GRAFICO ANTERIOR VIMOS COMO OS ALUMNOS/AS DERONSE CONTA DE QUE ESTES NENOS/AS TEÑEN MOITAS DIFICULTADES NO SEU DÍA A DÍA ,E VALORAN POSITIVAMENTE A SÚA ACTITUDE E COMPORTAMENTO; NESTA PREGUNTA VALORAN POSITIVAMENTE A ACTUACIÓN DOS MESTRES/AS.

APARECEN DOUS ASPECTOS MOI INTERESANTES NA RECOLLIDA DE DATOS DESTA PREGUNTA:

- A SUBIDA DO “*MOITÍSIMO*”: ESTA SUBIDA PODE TER A LECTURA DE QUE OS NENOS/AS VALORAN POSITIVAMENTE (“*MOITÍSIMO*”) AS ACTUACIÓNS DOS DOCENTES E A IMPORTANCIA QUE TEN QUE ESTES NENOS/AS TEÑAN DITAS ACTUACIÓNS. SEGURAMENTE VALORAN DITA IMPORTANCIA PORQUE ELES MESMOS/AS VIVENCIARON AS LIMITACIÓNS, DIFICULTADES E, EN MOITOS CASOS, FRUSTACIÓNS NAS ACTIVIDADES PRÁCTICAS, POR NON PODER DESENVOLVERSE CÓMO ELES/AS QUIXERAN.

- A SUBIDA DO “*NON SABEN OU NON CONTESTAN*”: DA SUBIDA DESTE PODEMOS SACAR DIFERENTES CONCLUSIÓNS MOI IMPORTANTES PARA A NOSA LABOR DOCENTE: QUE OS NENOS/AS NON SABEN SE FACEMOS ALGÚN TIPO DE MEDIDA EXTRAORDINARIA, QUE NON SABEN CALES SON AS MEDIDAS CORRECTAS QUE DEBERÍANSE LEVAR A CABO CON ELES/AS...




Gráfico 10. Valora si os Mestres/as fan todo o posible para axudar a estes nenos/as no colexio (Todos os grupos) Fonte: Elaboración propia

PREGUNTA 13. VALORA CÓMO CREES QUE O COLEXIO ESTÁ PREPARADO E ACONDICIONADO PARA QUE ESTES NENOS/AS SE POIDAN DESPRAZAR POR TODAS AS SÚAS INSTALACIÓN PRÁCTICAMENTE A METADE DO ALUMNADO RESPONTOU “BEN” (47%) MENTRES QUE O 25% “MOI BEN” E UN 22% “REGULAR”. ESTES SON OS VALORES MÁIS DEFINIDOS E TEÑEN VALORES SIMILARES NAS DÚAS AVALIACIÓN. DESTACA A SUBIDA DO “BEN” E A BAIXADA DO “MOI BEN” E A UNHA SUBIDA TAMÉN NO “NS/NC” E CHEGAMOS A VARIAS CONCLUSIÓN:




Gráfico 11. Valora cómo crees que o colexio está preparado e acondicionado para estes nenos/as se poidan desprazar por todas as instalacións. (Todos os grupos) Fonte: Elaboración propia



CONCLUSIÓNS:

Hai que destacar que ,para a súa elaboración, contamos cá axuda da orientadora, das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, das coidadoras e dos titores/as, polo tanto, incluíu a toda a comunidade educativa. Nesta fase comentaremos os aspectos máis relevantes e significativos atopados unha vez obtidos todos os resultados das enquisas iniciais e finais. En moitas das preguntas os cambios son pouco substanciais e non requiren da súa valoración. As enquisas aparecen valorados, por regra xeral, cos resultados globais dos 4 cursos do 3º ciclo, aínda que ,nalguna pregunta, diferenciamos os resultados de 6ºB ,xa que é o grupo con alumnado con máis NEAEs e presenta unha gran diferenza en relación ao resto dos cursos onde hai algún, incluso, sen ningún caso.

Con todo isto as principais conclusións ás que chegamos unha vez recollidos e valorados todos os datos son:

- Comprobamos que os nenos/as aumentaron o seu nivel de coñecementos en relación á temática unha vez finalizada a proposta
- Moitos resultados ,que non foron de rexistro de datos valorativos, que foron de valoración subxectiva e de recollida de información serviron para coñecer os seus verdadeiros pensamentos (xa que foron anónimos), en relación aos seus compañeiros/as discapacitados, canto e cando xogan con eles/as...
- Tamén informáronos da súa percepción en relación a nosa labor docente e o noso comportamento cos nenos/as discapacitados.
- Cas enquisas recibimos información en relación ao centro que consideran que fan falta no mesmo en relación aos nenos discapacitados/as: *elevador, máis rampas...*(respostas reais).





FIN

EDUARDO ROI LOUZÁN LEMA
MANUEL LOSADA GONZÁLEZ

